



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES AS TELLEIRAS

Estrada de Cedeira Km1-15570 NARÓN (A Coruña)
Tif.981384822 Fax 981385722 ies.telleiras@edu.xunta.es http://www.telleiras.com



Programación didáctica do Departamento de
FILOSOFÍA
Curso 2010 —2011
IES As Telleiras

Membros do departamento:	Sinaturas:
(Xefe do departamento): Fco. Javier Yáñez Pérez	
Emiliano Patiño Doval	

Índice:

<u>1.- Historia da Filosofía.....</u>	<u>4</u>
<u>1.1. 2º Bacharelato.....</u>	<u>4</u>
1.1.1. Contribución da materia ás competencias básicas:.....	4
1.1.2. Obxectivos.....	4
1.1.3. Contidos.....	4
1.1.4. Contidos mínimos.....	7
1.1.5. Criterio de avaliación.....	9
1.1.6. Contribución ao Proxecto Lector.....	10
1.1.7. Accións de acordo ao Plan TIC.....	10
1.1.8. Metodoloxía didáctica.....	11
1.1.9. Procedemento de avaliación.....	11
1.1.10. Actividades de recuperación.....	14
1.1.11. Materiais e recursos didácticos.....	14
1.1.12. Actividades complementarias e extraescolares.....	14
1.1.13. Atención á diversidade.....	14
<u>2.- FILOSOFÍA e CIDADANÍA.....</u>	<u>15</u>
<u>2.1. 1º Bacharelato.....</u>	<u>15</u>
2.1.1. Contribución da materia ás competencias básicas:.....	15
2.1.2. Obxectivos.....	15
2.1.3. Contidos.....	15
2.1.4. Contidos mínimos.....	19
2.1.5. Criterio de avaliación.....	22
2.1.6. Contribución ao Proxecto Lector.....	23
2.1.7. Accións de acordo ao Plan TIC.....	24
2.1.8. Metodoloxía didáctica.....	24
2.1.9. Procedemento de avaliación.....	24
2.1.10. Actividades de recuperación.....	25
2.1.11. Materiais e recursos didácticos.....	25
2.1.12. Actividades complementarias e extraescolares.....	25
2.1.13. Atención á Diversidade:.....	26
<u>3.- ANTROPOLOXÍA.....</u>	<u>26</u>
<u>3.1. 1º Bacharelato.....</u>	<u>26</u>
3.1.1. Contribución da materia ás competencias básicas:.....	26
3.1.2. Obxectivos.....	26
3.1.3. Contidos.....	26
3.1.4. Contidos mínimos.....	28
3.1.5. Contribución ao Proxecto Lector.....	29
3.1.6. Accións de acordo ao Plan TIC.....	29
3.1.7. Criterio de avaliación.....	29
3.1.8. Metodoloxía didáctica.....	30
3.1.9. Procedemento de avaliación.....	30
3.1.10. Actividades de recuperación.....	30
3.1.11. Materiais e recursos didácticos.....	30
3.1.12. Actividades complementarias e extraescolares.....	31
3.1.13. Atención á Diversidade:.....	31
<u>4.- Constancia de información ao alumnado.....</u>	<u>31</u>
<u>5.- Criterios para avaliar a programación.....</u>	<u>31</u>

6.- Información ao alumnado.....32

7.- Acreditación de coñecementos previos.....32

1.-Historia da Filosofía

1.1. 2º Bacharelato

1.1.1. Contribución da materia ás competencias básicas:

Non se contempla neste nivel

1.1.2. Obxectivos.

O desenvolvemento desta materia debe contribuír a que os alumnos e as alumnas adquiran as seguintes capacidades:

Comprende-los problemas filosóficos fundamentais que ocuparon os filósofos ó longo da historia e recoñece-la súa transcendencia para a comprensión do mundo actual.

Analizar e comentar textos filosóficos establecendo con eles unha relación de diálogo crítico que leve á súa interpretación, á súa comparación e á súa localización.

Relaciona-las teorías filosóficas co marco social e cultural no que se formularon e do que son a súa expresión, xunto con outras manifestacións da actividade intelectual humana.

Comprende-la relación existente entre as diversas teorías e correntes filosóficas que se sucederon ó longo da historia, analizando as semellanzas e as diferencias tanto no modo de formula-los problemas como nas solucións que se propoñen.

Situa-las distintas formas culturais e ideolóxicas do presente no marco da Historia das Ideas, e recoñece-lo valor da comprensión do outro (texto ou interlocutor) para o desenvolvemento do propio punto de vista.

Descubri-las conceptualizacións de carácter excluínte ou discriminatorio que, de forma explícita ou implícita, forman parte do discurso filosófico.

Planificar e realizar pequenas investigacións sobre temas monográficos, utilizando os procedementos básicos do traballo intelectual, e poñendo especial atención no rigor conceptual e lóxico tanto na análise do tema como na expresión do propio pensamento.

Comprender que o diálogo racional é a forma máis adecuada para a libre expresión e comparación de ideas, e que a razón é unha capacidade privilexiada para regula-la acción humana individual e colectiva.

1.1.3. Contidos

A selección de contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais corresponde tanto á caracterización da materia como ós seus obxectivos xerais. Os contidos conceptuais preséntanse divididos en catro grandes bloques que corresponden, á súa vez, a catro grandes períodos da Historia da Filosofía. En cada bloque determínanse os problemas fundamentais a tratar, pero o seu desenvolvemento específico queda aberto a diversos enfoques e á selección de autores.

A programación das unidades didácticas pode articularse en torno a algún dos contidos conceptuais, pero sempre tendo en conta o desenvolvemento dos contidos procedimentais e latitudinais, de xeito que se contemplen os seguintes aspectos máis xerais referidos:

- * Á comprensión dos problemas a partir dos que nacen as distintas propostas teóricas.

- * O establecemento de relacións entre os problemas e desenvolvementos teóricos e o marco histórico no que nacen, e entre o desenvolvemento interno das teorías e sistemas filosóficos e os problemas teóricos do presente.

* O diálogo cos textos.

1ª Avaliación

Temas 1 e 2: Filosofía Antiga: **Platón e Aristóteles**

No desenvolvemento deste apartado hai que analiza-la orixe do pensamento filosófico e a súa evolución durante a Antigüidade Clásica. Trataranse os problemas específicos que foron obxecto de estudio por parte dos distintos pensadores e das escolas filosóficas, e que cimentaron o posterior desenvolvemento da Filosofía ata os nosos días.

Platón e Aristóteles deberán ser obxecto dunha análise máis pormenorizada no estudio de ditos temas.

Ademais prestarase especial atención as seguintes cuestións procedimentais:

- Análise dos conceptos, das relacións lóxicas e dos problemas filosóficos que aparecen nos textos de Platón e Aristóteles
- Interpretación do contido dos textos filosóficos seleccionados, relacionándoos co seu contexto teórico e social.
- Recoñecemento dos elementos conceptuais de carácter excluínte presentes, de forma implícita ou explícita, no discurso filosófico dos pensadores antigos.
- Lectura dunha obra filosófica da época que sexa sinxela e breve.

E teranse en conta os seguintes aspectos actitudinais:

- Aprecio polo valor que as reflexións filosóficas do pasado teñen para a comprensión do presente.
- Interese e gusto pola lectura de obras de filosofía

2ª Avaliación

Tema 3: Filosofía medieval: **Agostiño de Hipona e Tomé de Aquino**

Deste período estudarase o desenvolvemento que seguiu o pensamento filosófico desde os primeiros séculos da era cristiá ata a baixa Idade Media. Sinálanse como problemas fundamentais aqueles que presentan innovacións respecto á tradición anterior. Co seu desenvolvemento, promoverase a reflexión racional sobre a relixión e sobre as crenzas, así como a identificación de conceptos das distintas tradicións relixiosas (cristiá, islámica, hebrea, ...) presentes na nosa cultura.

Ademais prestarase especial atención as seguintes cuestións procedimentais:

- Confección de cronoloxías e de esquemas conceptuais que permitan localizar e relacionar tanto autores coma posturas ou sistemas filosóficos.
- Establecemento de relacións entre os problemas e sistemas filosóficos elaborados polos autores da época e as condicións sociais e culturais que os enmarcan, utilizando fontes bibliográficas e de consulta e confeccionando fichas.

E teranse en conta os seguintes aspectos actitudinais:

- Aprecio polo traballo intelectual e sensibilidade polo rigor necesario nas súas distintas fases.
- Interese pola perspectiva histórica como forma de acceso ós problemas e ás concepcións do presente.
- Tolerancia e respecto polas distintas cosmovisións e formas ideolóxicas.

Tema 4 e 5: Filosofía moderna: **Descartes, Locke, Hume e Kant**

O desenvolvemento do pensamento filosófico durante os séculos XVI, XVII e XVIII ten unha importancia fundamental tanto polas súas aportacións específicas como por senta-las bases de cuestións e de ideas que se prolongan ata os nosos días. Debido á complexidade e á riqueza das aportacións filosóficas deste período, ditas cuestións trátanse en dous momentos distintos. En primeiro lugar, o período comprendido entre os séculos XVI e XVII no que haberá que tomar como punto de partida a nova concepción do home e do mundo formada durante o Renacemento. En segundo lugar, o século XVIII durante o cal cristalizan no movemento da Ilustración as distintas aportacións filosóficas, científicas e culturais. Descartes, Locke e Kant son os autores que deberán ser obxecto dunha análise máis pormenorizada no estudio dos diversos temas.

Ademais prestaráse especial atención as seguintes cuestións procedimentais:

- Comentario aberto de textos filosóficos dos autores estudados, que inclúa unha valoración persoal argumentada
- Identificación e comparación de distintas posturas filosóficas referidas a un mesmo problema filosófico
- Preparación e elaboración dun traballo monográfico sobre algún tema ou sobre algún autor da época, utilizando as técnicas básicas do traballo intelectual
- Lectura dunha obra filosófica sinxela e breve

E teranse en conta os seguintes aspectos actitudinais:

- Actitude crítica ante os contidos ideolóxicos que subxacen en obras filosóficas e perante os temas que denoten algunha discriminación
- Interese e curiosidade pola lectura de obras e textos filosóficos, utilizando criterios propios de selección e de valoración.

3ª Avaliación

Tema 6 e 7: Filosofía contemporánea: Karl Marx e Friedrich Nietzsche

No estudio da Filosofía contemporánea, hai que distingui-los problemas que formulan os pensadores do século XIX, especialmente na súa primeira metade, das tendencias e dos desenvolvementos xurdidos cara a finais de século e que teñen continuidade e expansión durante o século XX. Neste século, a reflexión filosófica abandona o empeño pola construción de sistemas para centrarse na análise de determinados problemas ligados moi directamente á complexidade das novas realidades, que van xurdindo na rápida transformación das estruturas económicas, políticas e sociais.

Ademais prestarase especial atención as seguintes cuestións procedimentais:

- Realización de traballos de síntese a partir de diferentes fontes de información e de consulta
- Planificación e realización de sesións de discusión sobre algún problema filosófico do presente
- Realización de composicións filosóficas

E teranse en conta os seguintes aspectos actitudinais:

- Atención á precisión lóxica e conceptual na expresión das propias reflexións filosóficas
- Inclinação por considera-las posturas ideolóxicas ou filosóficas dos demais como fonte de enriquecemento persoal e colectivo
- Interese e actitude crítica ante as distintas formas de creación intelectual e ante as posibilidades explicativas dos diversos ámbitos da actividade humana

1.1.4. Contidos mínimos

1ª Avaliación

1. -PLATÓN

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual*, Ponderación: 3

- A formación da polis grega.
- Antecedentes presocráticos: Heráclito, Parménides e Anaxágoras.
- Os sofistas e Sócrates.

Comprensión

Ponderación: 5

- A teoría platónica das ideas:
- Mundo sensible e mundo intelixible.
- Graos de coñecemento.
- La concepción política de Platón:
- Antropoloxía platónica
- Vinculación da alma á cidade.

Coñecemento específico [ESTE APARTADO É COMÚN PARA TODOS OS AUTORES]

Ponderación: 2

Poñer en relación a temática do texto con outros puntos da temática dos diferentes autores o correntes filosóficas do currículo ou cun tema proposto. De xeito xenérico, pódese propoñer un dos seguintes tipos de cuestións:

- a) reexpoñer nun autor ou autores diferentes -con claridade conceptual e rigor lóxico- o problema tratado no texto, ou ben,
- b) solucionar -críticamente e con rigor conceptual- unha cuestión sobre un tema do mundo actual en relación co texto proposto, ou ben,
- c) vincular á problemática do texto -de modo apropiado e con coherencia conceptual- unha cuestión que se propoña.

2. - Aristóteles

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual* Ponderación: 3

- Crítica da doutrina platónica.
- O proceso de abstracción fronte ao acceso dialéctico ás ideas de corte platónico.
- O tránsito cara o mundo helenístico.

Comprensión

Ponderación: 5

- A teoría hylemórfica no seo da physis:
- A *kinesis* ou cambio.Os principios do cambio.
- A teoría causal.
- Xerarquía de seres e modos de ser.
- O motor inmóbil.
- A idea de cidadán en Aristóteles:
- A ética aristotélica: *ethos* e praxe, o concepto de *areté*.

- A idea de polis e a condición de cidadán.

2ª Avaliación

3.- Agostiño e Tomé

Desenvolvemento curricular

Interpretación: *Marco histórico e conceptual* Ponderación: 3

- Agostiño de Hipona:
- Helenismo: Filosofía e cristianismo.
- As novas ideas fronte ao mundo grego.
- Tomé de Aquino:
- A noción de Escolástica e o nacemento da Universidade.
- A recepción de Aristóteles. Averroes e o averroísmo latino.

Comprensión

Ponderación: 5

- O problema entre razón e fe en Santo Agostiño e en San Tomé.
- Lei divina, lei natural e lei positiva en San Tomé.

4.- DESCARTES, LOCKE E HUME

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual*

Ponderación: 3

- Renacemento e Reforma.
- A vinculación do empirismo e o racionalismo ca revolución científica.

Comprensión Ponderación: 5

- O problema do método: a idea de substancia en Descartes e o problema da veracidade divina.
- Fenomenalismo e causalidade en Hume.
- A idea de “estado de natureza” como fundamento ideolóxico do novo estado burgués: a teoría do contrato social en Locke.

5.- KANT

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual* Ponderación: 3

- Factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración.
- As novas ideas: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización, natureza.
- Características da razón ilustrada.

Comprensión

Ponderación: 5

- A idea kantiana de Ilustración.
- A síntese entre racionalismo e empirismo en Kant.
- O formalismo moral.

3ª Avaliación

6.- MARX

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual* Ponderación: 3

- As influencias do socialismo utópico, da esquerda hegeliana e da Economía política.
- Revolución industrial e movemento obreiro.
- O nacemento das ciencias sociais.

Comprensión

Ponderación: 5

- O concepto de alienación.
- A análise da mercancía e o concepto de plusvalía.
- O materialismo histórico.

7. - NIETZSCHE

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual* Ponderación: 3

- 1.- Un novo marco científico: evolucionismo e positivismo.
- 2.- A herdanza da Ilustración.

Comprensión

Ponderación: 5

- O método xenealóxico.
- Crítica da cultura occidental: O nihilismo.
- A vontade de poder e o Superhome.

1.1.5. Criterio de avaliación

- Analiza-lo contido dun texto filosófico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos e conclusións).

Este criterio trata de avalia-la capacidade para ler comprensivamente e para analizar textos filosóficos mediante a identificación dos problemas que neles se formulan, a explicación dos conceptos e dos termos específicos, así como o recoñecemento das proposicións e dos argumentos que apoian as teses mantidas e as conclusións derivadas das mesmas. Todo iso permite valora-lo progreso dos alumnos e das alumnas na comprensión do significado dos textos filosóficos.

- Interpretar un texto filosófico sinalando, por un lado, a relación entre o problema que formula o autor e o contexto teórico e social da época e, por outro, diferenciando as propostas que contén doutras posibles posicións sobre o mesmo tema.

Este criterio trata de avalia-la capacidade do alumnado para explicar, coas súas propias palabras e de forma argumentada, o senso dun texto filosófico, utilizando para iso a información obtida sobre o autor, o contexto socio-cultural no que xorden os problemas que o texto formula e outros modos de responder a eses mesmos problemas. Trátase, polo tanto, de avaliar fundamentalmente a competencia argumentativa do alumnado e a súa capacidade para integrar informacións diversas.

- Comentar un texto filosófico, atendendo especialmente á identificación dos supostos implícitos que o sustentan, á consistencia dos seus argumentos e das súas conclusións, así como á vixencia das súas aportacións na actualidade.

Este criterio pretende avalia-la capacidade dos alumnos e das alumnas para enriquecer progresivamente a súa comprensión e a interpretación dos textos filosóficos, utilizando pautas de comentario que lles axuden a descubrir supostos (crenzas, intereses, propósitos, ...) nas posicións analizadas, que permitan aprecia-la maior ou menor coherencia das mesmas e que lles faciliten

recoñecer, nas interpretacións filosóficas do noso tempo e nas súas propias, a presenza das concepcións do pasado.

- Ordenar e situar cronoloxicamente as diversas interpretacións filosóficas estudadas, relacionándoas unhas coas outras, sinalando as súas similitudes e diferencias e recoñecendo a permanencia e a historicidade das propostas filosóficas.

Preténdese avaliar con este criterio a capacidade dos alumnos e das alumnas para situar no momento histórico correspondente os textos dos autores estudados, así como para recoñecer e para identifica-la similitude ou a discrepancia das súas formulacións e o valor das súas aportacións na configuración da mentalidade do noso tempo.

- Relaciona-los problemas filosóficos e os seus autores, que os alumnos e as alumnas estudaron, coas condicións históricas, sociais e culturais nas que xurdiron e ás que intentaron dar resposta..

A intención deste criterio é comproba-la capacidade do alumnado para situa-las cuestións filosóficas estudadas no marco histórico, social e cultural no que xorden, comparando e diferenciando o saber filosófico doutras manifestacións culturais que aparecen no mesmo contexto, e analizando a relación existente entre as formulacións e propostas dos filósofos e os problemas e as necesidades da sociedade do seu tempo.

- Recoñece-las conceptualizacións de carácter excluínte e discriminatorio (androcentrismo, etnocentrismo e outras) que poidan aparecer no discurso filosófico das distintas épocas.

Este criterio pretende avalia-la capacidade das alumnas e dos alumnos para descubrir supostos, implícitos ou explícitos, no discurso filosófico, en especial aqueles que implican algún tipo de discriminación. Trátase, pois, de valora-la capacidade da análise crítica dos alumnos e das alumnas, así como a súa capacidade para atender ás consecuencias sociais dos discursos teóricos.

- Elaborar un traballo monográfico de investigación sobre algún aspecto da Historia do pensamento filosófico, atendendo especialmente ó proceso de recollida e de selección da información.

Este criterio trata de avaliar en que medida os alumnos e as alumnas son capaces de planificar e de realizar un pequeno traballo monográfico, ó longo do curso, sobre algún aspecto da Historia do Pensamento; trátase, igualmente, de comproba-lo seu grao de autonomía na utilización dos procedementos de busca e de selección de información, así como das súas destrezas expositivas.

- Participar en debates e en sesións de discusión sobre problemas filosóficos actuais, que susciten o interese dos alumnos e das alumnas, e nos cales estes deban aporta-las súas propias reflexións e relacionalas con outras posicións de épocas pasadas, previamente estudadas.

Con este criterio preténdese comproba-la capacidade desenvolvida polo alumnado para establecer relacións entre algunhas formulacións filosóficas da actualidade e outras formulacións do mesmo en épocas pasadas. Así mesmo, o debate permitirá avalia-la competencia dos alumnos e das alumnas para manter un diálogo racional e argumentar oralmente as súas propias posicións con liberdade e sen dogmatismos.

1.1.6. Contribución ao Proxecto Lector

Non se contempla neste nivel

1.1.7. Accións de acordo ao Plan TIC

Non se contemplan neste nivel

1.1.8. Metodoloxía didáctica

Exposición, por parte do profesor, dos contidos. Para iso empregaranse esquemas gráficos na encerado ou, ocasionalmente, pedirase aos alumnos que os efectúen eles mesmos.

Preguntas frecuentes para determinar o grao de asimilación dos contidos.

1.1.9. Procedemento de avaliación

Ferramentas:

Actitude			
Conceptos e Procedementos	100,00%	Probas escritas:	*
		Traballos / expresión escrita	
		Lecturas / Audicións	
		Laboratorios / Expresión oral	

Criterios:

É avaliación continua. Isto significa que non hai recuperacións: a nota da última avaliación é a que conta. Tamén significa que nos exames “entrarán” todos os autores estudados desde o comezo do curso (con posibilidade de seleccionar algúns temas de cada autor)

Á nota final do último exame (3ª avaliación), se a nota do exame é superior a 3, sumaráselle o indicado en concepto de traballo en clase e as notas dos exames das anteriores avaliacións ,:

Nota	5-6	7-8	9-10
Primeiro exame	+ 0,25 pts	+ 0,5 pts	+ 0,75 pts
Segundo exame	+ 0,25 pts	+ 0,5 pts	+ 0,75 pts

Os exames cinguiranse ao modelo de exame proposto polo grupo de traballo das PAAU, cos seguintes contidos e criterios:

1. -PLATÓN

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual*, Ponderación: 3

- A formación da polis grega.
- Antecedentes presocráticos: Heráclito, Parménides e Anaxágoras.
- Os sofistas e Sócrates.

Comprensión

Ponderación: 5

- A teoría platónica das ideas:
- Mundo sensible e mundo intelixible.
- Graos de coñecemento.
- La concepción política de Platón:
- Antropoloxía platónica
- Vinculación da alma á cidade.

Cñecemento específico [ESTE APARTADO É COMÚN PARA TODOS OS AUTORES]

Ponderación: 2

Poñer en relación a temática do texto con outros puntos da temática dos diferentes autores o correntes filosóficas do currículo ou cun tema proposto. De xeito xenérico, pódese propoñer un dos seguintes tipos de cuestións:

- a) reexpoñer nun autor ou autores diferentes -con claridade conceptual e rigor lóxico- o problema tratado no texto, ou ben,
- b) solucionar -críticamente e con rigor conceptual- unha cuestión sobre un tema do mundo actual en relación co texto proposto, ou ben,
- ci) vincular á problemática do texto -de modo apropiado e con coherencia conceptual- unha cuestión que se propoña.

2. - Aristóteles

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual* Ponderación: 3

- Crítica da doutrina platónica.
- O proceso de abstracción fronte ao acceso dialéctico ás ideas de corte platónico.
- O tránsito cara o mundo helenístico.

Comprensión

Ponderación: 5

- A teoría hylemórfica no seo da physis:
- A *kínesis* ou cambio. Os principios do cambio.
- A teoría causal.
- Xerarquía de seres e modos de ser.
- O motor inmóbil.
- A idea de cidadán en Aristóteles:
- A ética aristotélica: *ethos* e praxe, o concepto de *areté*.
- A idea de polis e a condición de cidadán.

3.- Agostiño e Tomé

Desenvolvemento curricular

Interpretación: *Marco histórico e conceptual* Ponderación: 3

- Agostiño de Hipona:
- Helenismo: Filosofía e cristianismo.
- As novas ideas fronte ao mundo grego.
- Tomé de Aquino:
- A noción de Escolástica e o nacemento da Universidade.
- A recepción de Aristóteles. Averroes e o averroísmo latino.

Comprensión

Ponderación: 5

- O problema entre razón e fe en Santo Agostiño e en San Tomé.
- Lei divina, lei natural e lei positiva en San Tomé.

4. - DESCARTES, LOCKE E HUME

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual*

Ponderación: 3

- Renacemento e Reforma.
- A vinculación do empirismo e o racionalismo coa revolución científica.

Comprensión Ponderación: 5

- O problema do método: a idea de substancia en Descartes e o problema da veracidade divina.
- Fenomenalismo e causalidade en Hume.
- A idea de “estado de natureza” como fundamento ideolóxico do novo estado burgués: a teoría do contrato social en Locke.

5. - KANT

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual* Ponderación: 3

- Factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración.
- As novas ideas: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización, natureza.
- Características da razón ilustrada.

Comprensión

Ponderación: 5

- A idea kantiana de Ilustración.
- A síntese entre racionalismo e empirismo en Kant.
- O formalismo moral.

6 . - MARX

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual* Ponderación: 3

- As influencias do socialismo utópico, da esquerda hegeliana e da Economía política.
- Revolución industrial e movemento obreiro.
- O nacemento das ciencias sociais.

Comprensión

Ponderación: 5

- O concepto de alienación.
- A análise da mercancía e o concepto de plusvalía.
- O materialismo histórico.

7. - NIETZSCHE

Curriculo

Interpretación: *Marco histórico e conceptual* Ponderación: 3

- 3.- Un novo marco científico: evolucionismo e positivismo.
- 4.- A herdanza da Ilustración.

Comprensión

Ponderación: 5

- O método xenealóxico.
- Crítica da cultura occidental: O nihilismo.

- A vontade de poder e o Superhome.

1.1.10.Actividades de recuperación

Prestando atención á asimilación activa dos contidos por parte de todo o alumnado, proporanse as seguintes actividades de reforzo:

- Elaboración guiada de mapas conceptuais ou táboas informativas dos temas que maior dificultade presenten ó alumnado.
- Comentarios de textos alternativos.

1.1.11.Materiais e recursos didácticos

Neste curso, o libro de texto a utilizar na materia de Filosofía II é o seguinte: Emilio Lledó Íñigo e outros *Historia da Filosofía 2* Obradoiro santillana (Proxecto casa do Saber).

1.1.12.Actividades complementarias e extraescolares

Denominación da actividade: Cachai: Aula Aberta de Filosofía e Ética.

Data de celebración: Febreiro-Marzo 2010.

Lugar de celebración: Auditorio Municipal de Narón.

Obxectivos:

- x A nivel cognitivo:
 - comprender o mundo no que vivimos.
 - Espertar o sentido crítico do alumno. Implicación co ámbito social.
 - Desenvolver a súa capacidade intelectual e cognoscitiva. Fomentar o debate: as hipóteses, a argumentación e a comprensión de textos.
- x A nivel de actitudes:
 - Provocar o interese pola Filosofía, polo pensamento contemporáneo.
 - Incentivar a lectura e a comprensión de textos.
- x A nivel Ético (integración):
 - Educar en Valores: Solidaridade, tolerancia, igualdade, xustiza, legalidade.
 - Facilitar a preparación dos alumnos e alumnas á multiculturalidade crecente nas aulas.

1.1.13. Atención á diversidade

Este curso temos un alumno con Síndrome de Rubinstein. Isto leva a que require unha atención personalizada para a realización de probas escritas, pero non modificacións na programación da materia.

2.- FILOSOFÍA e CIDADANÍA

2.1. 1º Bacharelato

2.1.1. Contribución da materia ás competencias básicas:

Non se contempla neste nivel

2.1.2. Obxectivos.

O desenvolvemento desta materia debe contribuír a que os alumnos e as alumnas adquiran as seguintes capacidades e actitudes:

- Identificar e apreciar o sentido dos problemas filosóficos e empregar con propiedade e rigor os novos conceptos e termos asimilados para a análise e a discusión.
- Adoptar unha actitudes crítica e reflexiva ante as cuestións teóricas e prácticas, fundamentando axeitadamente as ideas.
- Argumentar de modo coherente o propio pensamento de forma oral e escrita, contrastándoo con outras posicións e argumentacións.
- Practicar e valorar o diálogo filosófico como proceso de encontro racional e búsqueda colectiva da verdade.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna como no seu contexto histórico, identificando os problemas que plantexan, así como os argumentos e as solucións propostas.
- Empregar procedementos básicos para o traballo intelectual e o traballo autónomo: búsqueda e selección de información, contraste, análise, síntese e avaliación crítica da mesma, promovendo o rigor intelectual no plantexamento dos problemas.
- Adoptar unha actitude de respecto das diferenzas e crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, xa sexa por sexo, etnia, cultura, crenzas ou outras características individuais ou sociais.
- Valorar a capacidade normativa e transformadora da razón para construír unha sociedade máis xusta, na que exista unha verdadeira igualdade de oportunidades.
- Valorar os intentos por construír unha sociedade mundial baseada no cumprimento dos dereitos humanos, na convivencia pacífica e na defensa da natureza.
- Consolidar a competencia social cidadán fundamentando teóricamente o seu sentido, valor e necesidade para exercer unha cidadanía democrática.
- Desenvolgar unha conciencia cívica, crítica e autónoma, inspirada nos dereitos humanos e comprometida coa construción dunha sociedade democrática, xusta e equitativa e coa defensa da natureza, desenvolando actitudes de solidariedade e participación na vida comunitaria.

2.1.3. Contidos

1ª Avaliación:

Tema 1: A filosofía e o mundo do saber

- A orixe histórica da filosofía.
- Especificidade do saber filosófico.

- Necesidade e utilidade da filosofía
- Filosofía e interculturalidade: multiculturalidade e globalización.
- A filosofía e a súa historia.

Ademais prestarase especial atención as seguintes cuestións procedimentais:

- Realización dos exercicios e actividades propostas.
- Comentario de textos:a análise e comprensión dos contidos.
- Consulta bibliográfica: monografías e dicionarios.
- Consulta dixital: filosofía na rede.
- Xogos: xogos conscientes, de atención, de preguntas e respostas, de emparexamento de datos.
- Panel de citas.
- Elaboración de disertacións e de composicións de reflexión persoal.

E teranse en conta os seguintes aspectos actitudinais:

- Capacidade de asumir unha postura crítica, dialogante e respetuosa cara as opcións, ideas e argumentos dos demais.
- Valoración das distintas clases de saber e das súas respectivas aportacións.
- Toma de conciencia da especificidade, utilidade e necesidade do saber filosófico.
- Interese polo desenvolvemento histórico do pensamento occidental.

Tema 2: As preguntas fundamentais da Filosofía

- Concepto de metafísica e a pregunta polo ser (sustancia/accidentes)
- Probas sobre a existencia de Deus e a imposibilidade da metafísica como ciencia (Kant).
- Relacións entre ciencia e tecnoloxía.
- O paso do traballo artesanal ao capitalismo industrial.
- Liberalismo e globalización.
- A estética como disciplina filosófica.
- O belo e o sublime como categorías estéticas.

Ademais prestarase especial atención as seguintes cuestións procedimentais:

- Realización dos exercicios propostos na Unidade.
- Lectura comprensiva e análise de pequenos textos.
- Consulta bibliográfica: monografías e dicionarios.
- Disertacións e composicións de reflexión persoal.

E teranse en conta os seguintes aspectos actitudinais:

- Construír unha visión crítica do mundo industrial e laboral.
- Tomar conciencia da hipervaloración do predomínio da racionalidade tecnolóxica.
- Construír unha visión crítica da metafísica e desenvolver a nosa conciencia como *da-sein*.
- Valorar a especificidade do saber estético, o seu sentido e significado.

- Descubrir as capacidades propias da arte.
- Desenvolar unha postura respetuosa cara as diversas aportacións artísticas doutras culturas.

2ª Avaliación:

Tema 3: A Filosofía como racionalidade teórica.

- O coñecemento sensible: sensación e percepción, imaxinación e memoria.
- O coñecemento intelixible: intelixencia, conceptos, xuízo e razoamento.
- Coñecemento e verdade: a verdade como adecuación, como evidencia, como coherencia e como perspectiva.
- Teorías en torno ao valor da verdade: escepticismo, realismo, relativismo.
- Os límites do coñecemento humano: filosofía e ciencia.

Ademais prestarase especial atención as seguintes cuestións procedimentais:

- Realización dos exercicios propostos na Unidade.
